



Concello de Bande

ANUNCIO

SUMARIO

Providencia de Alcaldía do Concello de Bande pola que se dispón o inicio do trámite de consulta pública da ordenanza municipal que ten por obxecto:

Regulación dos espazos termais en zona de dominio público.

TEXTO

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto da ordenanza municipal reguladora dos espazos termais do Concello de Bande, solicítase a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- Os obxectivos da norma.
- As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos no seguinte cuestionario durante o prazo de *vinte días hábiles* a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio na web municipal, mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Problemas	Problemas de comportamentos incívicos nos espazos
------------------	---





Concello de Bande

que se pretenden solucionar coa iniciativa	termais en zona de dominio público que quebran a convivencia cidadá. Ademais de actividades que atentan a salubridade e a saúde pública, o respecto ao medio ambiente e o dereito á intimidade, descanso e tranquilidade dos/as usuarios/as destes espazos. Utilización do dominio público e zona termal de xeito inadecuado.
Necesidade e Oportunidade da súa aprobación	<p>As características dos espazos termais precisan dunha serie de medidas e instrucións de uso encamiñadas a salvagardar as súas condicións e a manter en todo momento a súa salubridade e hixiene, así como garantir a súa calidade.</p> <p>Para o mellor cumprimento destes fins establécense unha serie de condicións xerais de uso e funcionamento que servirán, dunha parte, para garantir os dereitos dos/as usuarios/as, e doutra, para fixar as necesarias obrigas ou deberes destes coas instalacións, cos demais usuarios e co persoal que desenvolva as súas funcións nas mesmas.</p>
Obxectivos da norma	<ul style="list-style-type: none">- Establecer unhas condicións mínimas no uso do espazo público termal.- Asegurar a convivencia cidadá.- Garantir os dereitos dos/as usuarios/as.- Fixar as necesarias obrigas ou deberes destes coas instalacións, cos demais usuarios e co persoal que desenvolva as súas funcións nas mesmas.- Salvagardar as condicións do espazo termal e manter en todo momento a súa salubridade e hixiene, así como garantir a súa calidade.
Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias	<i>Establecer unhas condicións mínimas no uso do espazo público termal, ata o de agora carente de regulación na normativa municipal, de maneira que se poidan conciliar as demandas e necesidades de todos os usuarios/as.</i>

